

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN ESCOLA DE VERÁN 2021 DO CONCELLO DE BAIONA

Art.1 Fundamentación:

A Escola de Verán 2021 do Concello de Baiona é un programa que ten como obxectivo xeral “facilitar as familias do municipio un recurso para conciliar a vida laboral, persoal e familiar, establecendo un servizo sociocomunitario que mellore a calidade de vida do territorio, potenciando ademais a optimización de recursos a través da utilización dos centros educativos municipais fóra do horario lectivo”.

Enmárcase na lexislación e recomendacións existentes no ámbito Internacional, da Unión Europea, do Estado Español, da Comunidade Autónoma Galega e no ámbito local. O IV Plan de Igualdade de Oportunidades de mulleres e homes de Baiona 2019-2023, aprobado por sesión plenaria o 27 de decembro de 2018, establece no seu eixe “IGUALDADE E CALIDADE” entre as accións a desenvolver na medida 5.1.1. Consolidación do desenvolvemento de actividades socioeducativas de ocio e tempo libre durante os períodos vacacionais dirixidas a nenas e nenos coa finalidade de facilitar a conciliación das familias.

A situación da crise sanitaria xerada pola COVID-19 . fai que o programa se deba adaptar ás novas necesidades, polo que se terán en conta medidas de prevención tales como a redución de prazas e ratios, incrementar as labores de limpeza e desinfección, e redefinir as actividades que se poderán levar a cabo sen risco de contaxios.

Art.2 As persoas beneficiarias do programa disporán dos seguintes servizos:

- Un programa de actividades de ocupación do tempo libre, adaptadas á COVID-19.
- O material necesario para o desenvolvemento das actividades.
- Equipo técnico de persoal.
- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- Protocolo COVID-19.

Art.3 Persoas destinatarias do programa “Escola de verán” do Concello de Baiona:

3.1. Que o neno ou nena para o que se solicita praza ten nacido entre o ano 2009 e 2017.

3.2. Acreditar unha das seguintes circunstancias:





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

1. Unha das persoas proxenitoras (nai/titora ou pai/titor) debe estar empadroada no municipio con data anterior a esta convocatoria (non e necesario acreditarlo. O Concello de Baiona verificará que a nai ou pai das persoas menores para as que se solicita a praza están empadroadas no municipio).
2. Que a nena ou neno para o que se solicite praza estivera escolarizada ou escolarizado no curso escolar 2020-2021 nun centro educativo do municipio de Baiona.

3.3. Dada a situación actual derivada da COVID 19 so poderán acceder ao programa ás familias que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

a) Familias en que ámbolos dous proxenitores se atopan en situación laboral activa.

b) Familia monoparental/monomarental en situación laboral activa.

3.4. Non ter ingresos superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2020 (IPREM), límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monomarentais ou de familias numerosas.

IPREM 2020		
Mensual	Anual (12 Pagas)	Anual(14 pagas)
537,84€	6.454,03€	7519,59€

6,5 X IPREM 2020		
Mensual	Anual (12 pagas)	Anual(14 pagas)
3.495,96€	41.951,195€	48.877,335€

FAMILIAS MONOPARENTAIS/MONOMARENTAIS O NUMEROSAS. 6,5 X IPREM + 15%		
Mensual	Anual (12 pagas)	Anual (14 pagas)
4.019,39€	48.243,87€	56.208,93€

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.



Art.4. Data, horario e lugar de realización do programa:

O programa desenvolverase ao longo do mes de xullo de luns a venres de 8:00 a 15:00h. no CPI Cova terreña e no CEP de Sabarís. Haberá flexibilidade no horario de entrada (de 8:00 a 9:15h.) e no horario de saída (de 13:45 a 15:00h.)

Art.5. Prazo e lugar de presentación de solicitudes:

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar a solicitude de inscrición (Anexo I) debidamente cumprimentada e asinada, xunto coa documentación requirida no art. 9 e 12 das presentes bases, no rexistro de entrada do Concello de Baiona de luns a venres en horario de mañá, solicitando cita previa no teléfono 986356779, ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona. O prazo para presentar a solicitude é dende o luns 10 de maio ata o luns 24 de maio ámbolos dous incluídos. No caso de solicitudes presentadas pola sede electrónica, éstas poderán presentarse en calquera hora ou día durante a vixencia do prazo de solicitudes ata o luns 24 de maio ás 14:00 horas.

Non se admitirán solicitudes nun prazo inferior a duración do programa. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases do procedemento.

Art.6. Número de prazas:

Ofértanse 50 prazas que se distribuirán entre o CEP de Sabarís e o CPI Cova Terreña. So se poderá solicitar praza para un dos centros educativos onde se desenvolve a actividade, quedando excluídas automaticamente aquelas persoas que presenten solicitude para participar nos dous centros. Poderanse incrementar as prazas ata 70.

Art.7. Prezo:

Dada a excepcionalidade da situación actual, derivada da COVID - 19 o programa é gratuito. O Concello de Baiona, solicitou unha subvención á Xunta de Galicia no marco da *“Resolución do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021”*

Art.8. Instrución e procedemento de adxudicación de prazas

A instrución do procedemento correspóndelle á técnica de igualdade municipal.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales, de selo caso, formulará a proposta de resolución á Alcaldía como órgano competente para a súa resolución.

A adxudicación realizarase da seguinte forma:



1. Adxudicación directa: Se as solicitudes cumpren os requisitos establecidos no artigo 3 desta convocatoria e non superan o número de prazas ofertadas.
2. No suposto que o número de solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 supere o número de prazas ofertadas. a orde de acceso ao programa será por orde inverso á magnitude da renda da unidade familiar¹, ata que se cubran as prazas. En caso de empate nos ingresos a orde virá determinada pola aplicación dos criterios establecidos no artigo 9.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos a técnica de igualdade emitirá un informe, segundo o cal a Alcaldía resolverá a **lista de admitidos/as provisional**, a de excluídos/as, e a de agarda de selo caso, así como os requirimentos oportunos. A lista provisional e os requirimentos serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro electrónico e na páxina web o luns 31 de maio, sinalándose un prazo de tres días naturais a partir do día seguinte da súa publicación para emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer se considerará que desistiu da súa solicitude. As emendas presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona.

O mércores 9 de xuño publicarase a lista definitiva das e dos menores admitidas/dos, a listaxe de agarda de selo caso e a de excluídos/as.

Aquelas persoas que desexen que se lles comunique vía e-mail a información relacionada co procedemento, deberán cubrir e asinar o Anexo II autorizando as comunicacións por esta vía.

ART.9. Criterios de valoración en caso de empate:

- Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor.....2 puntos
- Familia numerosa de categoría xeral.....2 puntos
- Familia numerosa de categoría especial.....3 puntos
- Víctimas de violencia de xénero.....2 puntos

No caso de que continúe o empate con igualdade de puntuación para a obtención de praza unha vez aplicados os criterios anteriores, adxudicarase considerando a orde de entrada da solicitude no rexistro do Concello de Baiona.

A falta de presentación de documentación establecida no artigo 9 e 13 das bases para acreditar as situacións e circunstancias específicas sinaladas nos mesmos suporá a renuncia implícita a ser valorado, de selo caso no epígrafe correspondente do baremo.

¹ Accederán as persoas participantes con menos ingresos, segundo o IPREM 2020.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

As persoas que obtiveron praza no programa e finalmente non vaian a participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Baiona ou a través da súa sede electrónica.

Rematado o proceso, de quedar algunha praza vacante, poderase solicitar acceder a ditas prazas sempre que as persoas solicitantes cumpran os requisitos establecidos no artigo 3 da convocatoria, ou aínda que non estando empadroada no municipio ou o menor non estivese escolarizado nun centro educativo de Baiona, as persoas proxenitoras traballen en Baiona . Neste caso deberán presentar a solicitude e demais documentación esixida nestas bases, polo rexistro do Concello de Baiona ou a través da sede electrónica do Concello de Baiona. Neste caso a adxudicación se realizará pola orde de entrada no rexistro do Concello ata cubrir as prazas vacantes.

Art.10. Dereitos e obrigas das persoas participantes:

DEREITOS:

- Ao bo trato por parte do persoal do servizo, e dos demais usuarios/as.
- A proporcionarlle a atención socioeducativa precisa para o seu desenvolvemento integral.
- A favorecer a súa participación nas actividades do servizo.

OBRIGAS:

- A persoa responsable do/da menor que obtivese praza, deberá asinar antes do inicio da actividade unha declaración responsable de condicións de saúde, que será facilitada polo Concello de Baiona, na que se declarará que o/a menor participante non está diagnosticada de Covid-19 así como que non presenta sintomatoloxía asociada a este virus. Que non convive con ninguén afectado nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo COVID-19 nos 14 días previos á entrada na actividade e que se compromete a notificar inmediatamente á entidade prestadora do servizo calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade; e o compromiso a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver o programa.
- Acudir a reunión informativa que terá lugar en horario de tarde antes do inicio da actividade, na que se asinará a declaración antedita e se explicaran as normas do servizo e o protocolo da COVID-19.
- Asinar a documentación, que se remitirá á Xunta de Galicia, conforme a unidade familiar non supera o límite de ingresos previsto na cláusula 3 nesta convocatoria e na Resolución do 2 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021), no caso de conceder a subvención para a execución do programa.



- Manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e cos demais usuarios/as.
- Asinar as autorizacións para saída do centro educativo ao entorno próximo, para a recollida do neno ou nena en caso de que non sexa a nai, pai ou titor/a quen a realice.
- En caso de non asistencia ao servizo a falta deberá ser comunicada.
- Cumprir co horario de entrada e de saída.
- Comunicar calquera información relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación, etc.) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

Art.11. Son causas de baixa do programa:

- Solicitud dos pais, nais, titores ou representantes legais dos e das menores.
- Incumprimento reiterado das normas establecidas.
- Non asinar antes do inicio da actividade as declaracións sinaladas no art.10.

Art.12. Documentación a presentar:

Anexo I: Solicitud debidamente cumprimentada e asinada. A solicitud deberá asinala a nai ou pai, ou titor ou titora dos e das menores. **No suposto de separación ou divorcio** a solicitud deberá realizala a nai ou pai que teña a garda e custodia do/da menor nese período; salvo que a actividade coincida cos períodos de tempo de réxime de visitas, que nese caso deberá presentar a solicitud o cónxuxe que nese período desfrute do réxime de visitas. No caso de solicitar praza para varios irmáns ou irmás deben presentar os datos nunha mesma solicitud de inscrición.

Debe acompañarse o Anexo I coa seguinte documentación:

- Certificado que acredite que o neno ou nena estuda nun centro educativo municipal no curso 2020-2021 (só no caso de non estar empadroad/a no municipio).
- Fotocopia do NIF en vigor da persoa que asine a solicitud (nai, pai, titor/a ou a persoa representante legal do menor).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro privado do/da menor polo **anverso e reverso.**
- **Fotocopia íntegra** do libro de familia e/ou no seu caso, documentación relativa ao acollemento, tutela ou outras circunstancias.
- Documento referente ás autorizacións (Anexo II)
- En caso de ter participado no ano 2020 e 2021 en programas de conciliación organizadas polo Concello e de non haber modificacións da situación a acreditar por parte das persoas solicitantes, estas deberán cubrir o Anexo III, quedando exentas de presentar a documentación que sinalen no mesmo. En ningún caso se está exento de acreditar a situación



laboral actual, os ingresos e as circunstancias relacionadas coa saúde e enfermidade dos e das menores.

- A acreditación da situación laboral acredítase mediante a presentación de documentos de ambos proxenitores ou representantes legais, ou do/da responsable familiar no suposto de familia monoparental/monomarental:
 1. Se traballa por conta allea acreditarase por calquera das seguintes formas:
 - a-Certificado de empresa ou da administración actualizado de prestación de servizos.
 - b-Nómina do mes de abril do 2021.
 - c- Vida laboral actualizada.
 - d- outra documentación
 2. Se traballa por conta propia acreditarase mediante o último recibo do pago da conta da seguridade social do Réxime Especial de Traballadores Autónomos.
- Para a acreditación conforme non se superan os límites establecidos na cláusula 3 e dos ingresos do exercizo 2020 presentárase:
 - Fotocopia da declaración do IRPF correspondente ao exercizo 2020 se xa fóra presentada na Axencia Tributaria. Ademais no caso de traballadores por conta propia MODELO 130 correspondente ao cuarto trimestre do ano 2020.
 - No caso de non ter presentado a declaración do IRPF, ou non estivera obrigado/a a presentala, certificado/s de retribucións percibidas no ano 2020, ou certificado negativo da Renta ou outra documentación que acredite os ingresos percibidos. Ademais debe presentarse declaración xurada (anexo IV).
- De ser o caso deberán presentar ademais a seguinte documentación:
 - No caso de que o neno ou nena padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, deberá aportar un informe médico.
 - Monoparentalidad/Monomarentalidad: deberá presentar, fotocopia da Resolución Xudicial de separación/divorcio, xunto co convenio regulador, ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio ou outra documentación que acredite a condición de familia monoparental/monomarental.
 - Para acreditar a categoría de familia numerosa: Fotocopia do título de familia numerosa.



- Para acreditar a situación de violencia de xénero acredítase por calquera das seguintes formas:
 - Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
 - Fotocopia de Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
 - Informe dos servizos sociais, ou sanitarios da administración pública, autonómica ou local.
 - Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Art.13. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Baiona, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión do procedemento Programa de Conciliación Escola de Verán 2021.

O Concello de Baiona comunicará aos organismos competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou resulte accesible a través dos seus sistemas que sexa estritamente necesaria, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

En particular, poderá comunicar e ceder os datos persoais aportados no procedemento á entidade prestadora do servizo do Programa de Conciliación e aos monitores /as que executen o programa, coa finalidade de prestar o servizo, así como á Secretaría Xeral de Igualdade, de ser concedida a subvención solicitada para a execución do programa.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica do Concello de Baiona, no rexistro municipal do Concello ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común para a presentación de documentos que as persoas interesadas dirixan ás administracións públicas.

Art.14.

As bases que rexen esta convocatoria, xunto cos anexos, estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web do Concello de Baiona, no taboleiro electrónico e no rexistro xeral de entrada do Concello de Baiona (é necesario solicitar cita previa no **986356779**). Tamén poden solicitarse a través do enderezo electrónico cim@baiona.gal ou administrativo.cim@baiona.gal ou no CIM, solicitando cita previa no teléfono 986/35 75 54.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

O Concello de Baiona resérvase tódolos dereitos de cambiar ou suprimir calquera actividade ou emprazamento das instalacións, en relación coa Escola de Verán. Todas as condicións que se establecen nas presentes bases poden sufrir modificacións en función das disposicións que dite a autoridade sanitaria relativas a pandemia COVID 19.

Para mais información: Centro de Información á Muller. Tlfno:986357554.



ANEXO I

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN ESCOLA DE VERÁN 2021

SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN (Sinala a casa correspondente)
<p>Tipo de solicitude:</p> <p><input type="checkbox"/> Solicitude individual</p> <p><input type="checkbox"/> Solicitude múltiple (no caso de solicitar praza para irmáns ou irmás)</p> <p>Horario de entrada diaria do/da menor <input type="checkbox"/> 8:00h. <input type="checkbox"/> 8:30h. <input type="checkbox"/> 9:00h.</p> <p>Horario estimado de recollida diaria do/da menor <input type="checkbox"/> 14:00h. <input type="checkbox"/> 14:30h. <input type="checkbox"/> 15:00h.</p> <p>Centro para o que solicita praza:</p> <p><input type="checkbox"/> CPI Covaterreña</p> <p><input type="checkbox"/> CEP Sabarís</p>
DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL DO/DA MENOR
Nome e apelidos:
NIF ou NIE:
Enderezo:
Código Postal: Poboación:
Teléfonos de contacto:
DATOS DA NENA OU NENO
Nome e apelidos:
Data de nacemento:
Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
No caso de ser si, indique cal:
¿Lle impide realizar a actividade con normalidade?
Outra información que considere necesaria:
DATOS DA NENA OU NENO
Nome e apelidos:
Data de nacemento:
Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
No caso de ser si, indique cal:
¿Lle impide realizar a actividade con normalidade?
Outra información que considere necesaria:
DATOS DA NENA OU NENO
Nome e apelidos:
Data de nacemento:
Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
No caso de ser si, indique cal:
¿Lle impide realizar a actividade con normalidade?
Outra información que considere necesaria:



DATOS DA SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

Sinala a casa correspondente a súa situación (tódolos datos deben ser acreditados segundo as bases da convocatoria).

- Familia na que traballen os dous proxenitores ou titores/as.
- Familia monoparental/monomarental traballando.
- Familia que solicita praza para mais dun/dunha menor.
- Familia numerosa da categoría xeral.
- Familia numerosa de categoría especial.
- Vítimas de violencia de xénero.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- Anexo I debidamente asinado.
- Anexo II debidamente asinado.
- Fotocopia do NIF/NIE en vigor da persoa que asina a solicitude.
- Fotocopia íntegra do libro de familia.
- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria ou do seguro privado do/da menor polo anverso e reverso.
- Fotocopia do auto de separación/divorcio, xunto co convenio regulador ou xustificación de interposición da demanda de separación/divorcio ou outra documentación que acredite a condición de familia monoparental/monomarental.
- Fotocopia da documentación acreditativa de estar en situación activa de emprego.
- Fotocopia da situación de discapacidade.

Documentación acreditativa conforme non se superan os límites establecidos na cláusula 3 das bases e dos ingresos percibidos no ano 2020:

- Declaración IRPF 2020.
- Certificado de retencións do ano 2020.
- Outros (especificar).....

- Outra documentación (especificar)

En calidade de nai/titora ou pai/titor solicito sexa admitida esta inscrición para participar no Programa de Conciliación de Escola de Verán 2021 e asino a presente sendo responsable da veracidade dos datos contidos na mesma e da documentación que se adxunta, en Baiona a de..... de..... .

A nai/titora ou pai/titor.

Ado.:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA





ANEXO II

AUTORIZACIÓN PARA A CAPTACIÓN DE IMAXES, VÍDEO E SON E UTILIZACIÓN DO CORREO ELECTRÓNICO COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN

Dona:

con NIF/NIE:

e Don:

con NIF/NIE:

en calidade de nai/titora ou pai/titor de (indicar nome dos/das menores para as que solicita a praza)

.....

.....

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Ao Concello de Baiona á captación de imaxes, fotografías, vídeos con voz, material gráfico, etc. da persoa participante na actividade para a súa publicación a través de medios de difusión corporativos das iniciativas de actividades do Concello de Baiona tales como páxinas web, redes sociais, álbumes, documentos derivados da actividade, memoria do programa e outros medios de comunicación social, ben a título individual ou colectivo.

E

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Ao Concello de Baiona a comunicarme por enderezo electrónico toda información relacionada co procedemento do Programa de Conciliación Escola de Verán 2021 ao enderezo electrónico:

.....

Baiona de de 2021

Ado:

A nai/titora

O pai/titor

*A autorización de fotografías debe ser asinada pola nai/titora e pai/titor, salvo causa de forza maior (que deberá ser xustificada) ou que a persoa que realice a solicitude teña atribuída de maneira exclusiva a patria potestade.



ANEXO III

Don/Dona:

.....

Con NIF ou NIE:

Expón que:

O meu fillo/a:

participou no Programa de Conciliación: (Sinala a casa correspondente)

Escola de verán 2020 Nadal 2020 Semana Santa 2021

organizado polo Concello de Baiona e a tal efecto presentei a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da nai/titora ou pai/titor.
- Fotocopia da tarxeta de seguridade social do neno/a.
- Fotocopia do libro de familia.
- Fotocopia da documentación acreditativa de minusvalía.
- Fotocopia do auto de separación/divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental/monomarental.
- Fotocopia do título de familia numerosa.
- Fotocopia da documentación acreditativa dunha situación de violencia de xénero.
- Outra documentación (especificar)

Declaro que:

Non se produciu variación respecto ás circunstancias acreditadas anteriormente e autorizo ao Concello de Baiona, á consulta dos datos anteriores no expediente correspondente.

Esta declaración non exime da xustificación das circunstancias laborais actuais, dos ingresos percibidos no ano 2020 e das circunstancias alérxicas e sanitarias dos e das menores que deberán presentarse.

Baiona de de 2021.

Ado:





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

ANEXO IV
DECLARACIÓN DE INGRESOS

Don/Dona:

.....

Con NIF:

Declaro:

1. Que as rendas percibidas no ano 2020, non superan o límite establecido na cláusula 3 das bases, que rexen a convocatoria para participar no programa de conciliación Escola de Verán 2021 do Concello de Baiona.

2. Que os ingresos percibidos no ano 2020 ascenden a:

Documentación que adxunta:

.....
.....
.....
.....

Baiona de de 2021.

Asdo:

Os datos anteriormente declarados poderán ser comprobados ou requiridos á persoa declarante pola Administración Local, a fin de poder verificar a exactitude dos mesmos. No caso de que a comprobación evidenciase que os seus ingresos son superiores ao máximo establecido quedará sen efecto o dereito a participar na Escola de Verán.

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar no seu caso as correspondentes sancións administrativas ou de calquera outra índole que proceda.



Cod. Validación: ANQ9A226XPZL2SD_LH26KF4979 | Corrección: <https://baiona.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14